



O **Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de O Pino**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa á **Modificación** do Proxecto de **Estrada Local de N-634 a Cruce de Sar**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 18 de decembro de 2017, nunha sesión plenaria extraordinaria, o equipo de Goberno do Concello de O Pino presentaba as obras e proxectos con cargo o Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña (POS+ 2018), e tamén, o Plan Complementario. No Complementario, entre outros, figuraba o proxecto denominado **Estrada Local de N-634 a Cruce de Sar**, aprobados todo eles cos votos a favor do Grupo Popular, e BNG.

Os proxectos do Plan Complementario, aínda pendentes de execución, contemplan unha ampliación da plataforma pavimentada (**75 centímetros** a cada marxe), e limpeza das cunetas da principal vía que comunica a parroquia de Budiño ata o límite co Concello de Oroso. Pero, pola contra, **non se prevé a eliminación do trazado sinuoso de curvas no lugar denominado Fondo da Xesteira**.

O noso Grupo, Sr. Alcalde, cree que o equipo de Goberno **cometeu un gran erro na planificación desta obra**, o non figurar como prioridade a eliminación do tramo máis perigoso desta estrada.

Consideramos moi necesario que, antes de sacar a concurso as obras, se debe modificar o proxecto, deseñando un novo trazado que elimine por completo as Curvas da Xesteira. O custo é mínimo, e como Administración local debemos apostar pola máxima seguridade viaria.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista de O Pino insta ó Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Proceder a modificación do proxecto inicial, denominado Estrada de N-634 a Cruce de Sar, deseñando un novo trazado na zona coñecida como Curvas da Xesteira, eliminando por completo ese tramo de curvas.

En Arca, O Pino, a 13 de novembro de 2018

D. Óscar Vilar Chento
Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Antiga Casa Consistorial (Casa –
Ubicación Oficina Correos). Avd.
de Lugo s/n
psoeopino@gmail.com
<http://psoeopino.es/>

Grupo Municipal
Socialista de O
Pino